

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xogos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A buraquiña [Xogo]

Este xogo practicábase no Bierzo no século XIX, segundo nos conta **Antonio Fernández y Morales** en *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), e é propio do outono, cando as castañas están listas para comer e tamén para xogar.

Di o autor berciano nun poema dedicado precisamente a describir como se celebraban os magostos:

Mentres tanto xuntos todos

os rapaciños d□o pueblo

divirtense á buraquiña

á cocha i outros enredos.

E nunha nota ao pé o mesmo autor explícanos que se trata dun xogo do país (moi parecido ao das bólas ou *canicas*) que consiste en que cada xogador tira, unha a unha, un número igual de castañas desde un punto determinado a un buraco que fan no chan. As castañas que acertan a meter no buraco, recóllenas, deixando as que quedaron por fóra no sitio onde están.

En tirando todos a primeira vez, o que deixou a castaña máis próxima ao buraco trata de arrolala en dirección co primeiro dedo da man dereita; se consegue metela no buraco, garda a castaña e sigue xogando coa seguinte castaña que estea máis próxima ao buraco. Se falla, é o rival o que o intenta.

Gaña quen consiga recuperar mais castañas; ou sexa o que máis castañas emboca no buraco.



BIBLIOGRAFÍA

Fernández y Morales, Antonio. *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Viuda e Hijos de Miñón. León: 1861.